

CIRCULAR CONXUNTA DO DE 31 DE MARZO DE 2015, DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES E DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR PARA CUBRIR NECESIDADES DOCENTES URXENTES E INAPRAZABLES NAS ENTIDADES INTEGRANTES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.

O artigo 21. Sete da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015 outorga carácter de normativa básica ao disposto na alínea Dous do mesmo artigo, que dispón que durante o ano 2015 non se procederá á contratación de persoal, ni ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás nos casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

En consonancia con tal normativa básica, a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015 dispón no su artigo 13. Cinco a mesma limitación contida na normativa estatal para a contratación e nomeamento de persoal temporal no sector público autonómico, dentro do que están incluídas as entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia, para as que o artigo 36 da mesma norma establece disposicións específicas sobre a cuestión. Así, este artigo, despois de recordar que as universidades aplicarán a normativa básica estatal, permítelles, con carácter excepcional e autorización previa conxunta das Consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Facenda, cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables.

Co obxecto de desenvolver os mencionados artigos e regular o réxime da autorización previa a que se somete a cobertura das necesidades docentes urxentes e inaprazables das entidades do Sistema universitario de Galicia, dítanse as seguintes

INSTRUCIÓNS:

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

Un.- O obxecto desta circular é desenvolver as condicións da emisión da autorización previa conxunta prevista con carácter excepcional no artigo 36 da Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

Dous.- O ámbito de aplicación circunscríbese á provisión temporal de postos de persoal docente e investigador que as entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia precisen cubrir por mor de necesidades docentes urxentes e inaprazables.

Segunda.- Provisións temporais.

Para os efectos do disposto no artigo 36 da Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015, as coberturas de necesidades docentes poden ser de dous tipos:

- a) As derivadas da planificación anual establecida no plan de ordenación docente ou das alteracións do mencionado plan debidas aos incrementos de docencia que se autoricen durante o curso.
- b) As necesidades de cobertura urxente e inaprazables derivadas da substitución de docentes con reserva de posto de traballo ou de cobertura de postos que queden vacantes durante o curso por circunstancias sobrevidas.

Terceira.- Necesidades derivadas da planificación anual.

Un.- A cobertura temporal derivada da planificación anual poderá realizarse mediante as modalidades de axudante, profesorado axudante doutor, profesorado asociado e profesor asociado de ciencias da saúde. As autorizacións conxuntas destas solicitudes comunicaranse ás universidades solicitantes no prazo dun mes contado desde a entrada da solicitude.

Dous.- No caso de que as necesidades docentes de provisión temporal derivadas da planificación anual, tanto para o primeiro como para o segundo cuadrimestre do curso académico, deriven dunha alteración xustificada do plan de ordenación docente, as solicitudes deberán presentarse con urxencia no caso do primeiro cuadrimestre e, en todo caso, antes do día 31 de outubro de 2015 no caso das alteracións referidas ao segundo cuadrimestre. As autorizacións conxuntas sobre estas solicitudes comunicaranse ás universidades solicitantes no prazo dun mes contado desde a entrada da solicitude.

Tres.- Cando o potencial docente do departamento ou área permita cubrir as necesidades de dedicación docente derivadas da planificación anual, o encargo realizarase polos profesores do propio departamento ou área de coñecemento.

Catro.- No caso de que non lle sexa posible ao departamento ou área ao que se adscribe a carga docente cubrir unha determinada docencia, a universidade considerará e determinará se esa docencia pode ser asumida por outro departamento ou área de coñecemento.

Cinco.- No caso de que a carga docente total asignada a un departamento ou a unha área de coñecemento exceda do seu potencial docente e non poida ser asumida polo propio departamento ou área nin polos departamentos ou áreas de coñecemento afíns, o encargo poderá realizarse do seguinte xeito:

- a) No caso de que as necesidades docentes xeradas poidan cubrirse mediante a ampliación provisional da dedicación dun profesor asociado, poderase proceder a súa ampliación.
- b) Poderase solicitar a súa cobertura mediante algunha das modalidades indicadas no punto un da instrución terceira.

Cuarta.- Necesidades derivadas de substitucións e provisión de prazas que queden vacantes durante o curso por circunstancias sobrevidas.

Un.- Cando o potencial docente dun departamento ou dunha área durante o período que se necesita substituír permita cubrir as necesidades sobrevidas de dedicación docente, a substitución realizarase polos profesores dese departamento ou área de coñecemento.

Dous.- No caso de que non lle sexa posible ao departamento ou área ao que se adscribe a carga docente cubrir unha determinada docencia, a universidade considerará e determinará se esa docencia pode ser asumida por outro departamento ou área.

Tres.- No caso de que a carga docente total asignada a un departamento ou a unha área de coñecemento exceda do seu potencial docente e non poida ser asumida polo propio departamento ou área nin polos departamentos ou áreas de coñecemento afíns, o procedemento de substitución poderá realizarse do seguinte xeito:

- a) No caso de que as necesidades docentes xeradas poidan cubrirse mediante a ampliación provisional da dedicación dun profesor asociado, poderase proceder á súa ampliación mentres duren os motivos que a orixinaron.
- b) Nos supostos de ausencias que dean dereito á reserva de posto de traballo, poderase solicitar a súa cobertura mediante un profesor substituto interino
- c) No suposto de provisión de prazas que queden vacantes durante o curso por circunstancias sobrevidas, a provisión da docencia poderá realizarse mediante a figura de profesor asociado.
- d) A provisión temporal de docencia correspondente a prazas vacantes de funcionarios docentes ou de profesores contratados doutores, poderase cubrir mediante contratos de interinidade ata a resolución do proceso de selección, sempre que o posto estea dotado orzamentariamente e estea convocado para a súa provisión definitiva na forma regulamentariamente prevista ou, canto

menos, estea incluído dentro da oferta de emprego público autorizada pola Administración competente.

- e) Excepcionalmente, tamén se poderá acudir á modalidade de contratación de interinidad para prover postos de imprescindible cobertura por necesidades docentes que se queden vacantes durante o exercicio por algunha das causas que dan lugar a que se compute para os efectos de determinar a taxa de reposición do ano seguinte, sempre que:
- a. haxa un compromiso de incluír a praza na oferta de emprego público do ano seguinte,
 - b. e que se acredite que as baixas computables para a taxa producidas durante o transcurso de exercicio van a permitir a inclusión do posto na mencionada oferta.

Catro.- As autorizacións conxuntas comunicaranse ás universidades no prazo máximo dun mes a contar desde a entrada da solicitude.

Quinta.- Xustificación da necesidade de provisión

Un. As solicitudes de coberturas derivadas da planificación anual deberán vir acompañadas dunha memoria xustificativa do cumprimento do establecido no punto terceiro, acompañadas da seguinte documentación xeral:

- Planificación e Ordenación Docente da Universidade solicitante para o curso 2015-16. Debe incorporar o encargo docente para cada departamento ou área de coñecemento, así como o listado de afinidades de áreas de coñecemento.
- Documento cos recoñecementos por motivos docentes, investigadores ou de xestión aprobados pola universidade para o seu PDI para o curso 2015-2016.
- Certificación do cumprimento do disposto no artigo 68.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades.
- Certificación de que a provisión que se pretende está dotada nos orzamentos de capítulo I da entidade e de que a súa provisión non afecta ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da entidade.
- O cadro que se xunta como anexo coa plantilla orzamentaria resultante da planificación. As solicitudes derivadas dunha alteración da planificación para o segundo cuadrimestre tamén virán acompañadas do cadro coa plantilla orzamentaria resultante.

Dous. As solicitudes de substitucións e provisión de prazas vacantes por circunstancias sobrevidas deberán vir acompañadas dunha memoria xustificativa e coa documentación que acredite os seguintes extremos:

- A causa que dea lugar á substitución ou provisión do posto que quedara vacante de forma sobrevida.
- Acreditación da imposibilidade de cubrir a docencia polas vías contempladas no punto cuarto.
- Certificación de que existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos para financeira.

Sexta.- Solicitudes de cobertura de prazas de persoal asociado de ciencias da saúde.

Un.- As solicitudes de cobertura de prazas de persoal laboral asociado de ciencias da saúde deberán dirixirse á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e virán acompañadas do correspondente certificado do secretario da Comisión mixta Universidade - Servizo Galego de Saúde que acredite que se acordou a súa provisión no seo da mencionada comisión.

Dous.- A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos non tramitará a provisión de ningunha praza para persoal laboral asociado de ciencias da saúde que non estea autorizada previamente na comisión mixta mencionada no punto anterior e así se acredite mediante a oportuna certificación.

Sétima.- Presentación de solicitudes e documentación complementaria.

As universidades deberán remitir as solicitudes e a documentación correspondente á Secretaría Xeral de Universidades e, simultaneamente, poderán remitalas por correo electrónico aos dous enderezos seguintes:

dxorzamentos@conselleriadefacenda.es

sxu@edu.xunta.es


Oitava.- Publicidade

As convocatorias para a provisión temporal de postos de persoal docente e investigador derivadas da planificación anual establecida no plan de ordenación docente ou das alteracións do mencionado plan publicaranse no Diario Oficial de Galicia, que incluírán a referencia á data da autorización previa conxunta das Consellerías de Facenda e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Así mesmo deberá incluír o código

identificativo da praza ou prazas convocadas, categoría e departamento ou área de coñecemento ao cal se adscribe.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2015

O Secretario Xeral de Universidade



José Alberto Díez de Castro

O Director Xeral de Planificación e Orzamentos



Miguel Corgos Lopez Prado